



Concello da Laracha

Praza do Concello, s/n - 15145 A Laracha - A Coruña

Tlf.: 981 605 001 / Fax: 981 606 331

Sede Electrónica: <https://sede.alaracha.es>

R.E.L. Nº 01150413

C.I.F. P-1504200-E

www.alaracha.es

ACTA DE CONSTITUCIÓN DO TRIBUNAL: PROCESO DE CONSOLIDACIÓN DE EMPREGO PARA A PROVISIÓN EN PROPIEDAD DUNHA PRAZA DE CENTRO DA TERCEIRA IDADE - COORDINADOR/A COMO PERSOAL LABORAL FIXO - OEP 2016
EXPEDIENTE: 2019/E001/000020

A Laracha, a 10 de marzo do 2021.

Reunidos na Sala de Xuntas da Casa Consistorial, ás 12:30 horas, os integrantes do Tribunal cualificador, que se constitúe para valorar as probas selectivas que son:

Presidente

Eduardo Mera Rico Interventor do Concello da Laracha

Secretario

Miguel Piñeiro Souto Secretario do Concello da Laracha

Vocais

Jesús Antelo García Director Información Xuvenil da Xunta de Galicia e ex director de Centro de servizos sociais e da terceira idade.

Sonia Corral Corral Tesoureira do Concello da Laracha

Andrea Rodriguez Lorenzo Animadora Socio cultura Concello da Laracha

De seguido declárase constituído o Tribunal cualificador de conformidade coas bases reguladoras da convocatoria das que os distintos membros son coñecedores. O Tribunal entendese validamente constituído cando asista a maioría absoluta dos seus membros titulares ou suplentes, con presenza, en todo caso, do Presidente e do Secretario).

A seguir o Tribunal trata as seguintes cuestións:

1º.- aclarar que existe un erro nas bases así onde di:

“Primer exercicio eliminatorio: consistirá na elaboración, presentación e posterior defensa dunha memoria mediante a cual valoraranse os coñecementos sobre o contido do temario de materias da plaza, relacionados co posto de traballo contemplados no ANEXO I.

*Este exercicio será valorado con un máximo de **sesenta (40) puntos**, debéndose obter un **mínimo de trinta (20) puntos** para entendelo superado”*

Debe dicir:

“Primer exercicio eliminatorio: consistirá na elaboración, presentación e posterior defensa dunha memoria mediante a cual valoraranse os coñecementos sobre o contido do temario de materias da plaza, relacionados co posto de traballo contemplados no ANEXO I.





Concello da Laracha

Praza do Concello, s/n - 15145 A Laracha - A Coruña

Tlf.: 981 605 001 / Fax: 981 606 331

Sede Electrónica: <https://sede.alaracha.es>

R.E.L. Nº 01150413

C.I.F. P-1504200-E

www.alaracha.es

Este exercicio será valorado con un máximo de **corenta (40) puntos, debéndose obter un mínimo de vinte (20) puntos** para entendela superado”.

Todo elo para cumprir o sentido das bases cando sinala: “*A puntuación máxima a obtener nesta fase é de sesenta puntos*” tendo en conta que o” *segundo exercicio eliminatorio(...)*Esta proba práctica de aptitude eliminatoria será valorada ata 20 puntos”

2º.- De acordó á Resolución de Alcaldía de 22 de xaneiro do 2021 outorgar (con “*alomenos catro días hábiles*”) ata o día **18 de marzo do 2021** as 12 horas como data e hora límites para presentar no rexistro de entrada do **Concello a memoria que versará sobre os temas 4 e 5 :**

Tema 4.–Lei 13/2008, do 3 de decembro, de Servizos Sociais de Galicia.

Tema 5.–Decreto 99/2012 do 16 de marzo polo que se regulan os servizos sociais comunitarios e o seu financiamento

A memoria deberá axustarse aos requisitos previstos nas bases, que son:

“*Mínimo de 4 folios e máximo de 6 folios por unha soa carilla.*

– *Letra Times New Roman, tamaño 12.*

– *Páxinas numeradas.*

– *Interlineado de 1,5.*

– *Márxenes superior, inferior, esquerdo e dereito, 3 cm.*

– *A memoria deberá presentarse encadernada.*

– *Non se poderán acompañar soportes distintos ao papel.*”

A memoria será lida e defendida oralmente en sesión pública, o 25 de marzo entre as 10 e as 14 horas. A hora concreta de cada aspirante será obxecto de publicación unha vez coñecido o número de memorias presentadas. O tempo de exposición non poderá ser superior a 20 minutos. Tras a exposición o Tribunal poderá abrir un diálogo con cada opositor durante un tempo máximo de 10 minutos.

E non sendo outro o obxecto da presente, dáse por rematado o acto sendo as 13:10 horas, asinando os señores membros do Tribunal dixitalmente á marxe.

